

RESOLUCIÓN REITORAL DE 08 DE ABRIL POLA QUE SE PUBLICA A CONVOCATORIA DE AXUDAS ECONÓMICAS PARA A DIVULGACIÓN DAS ACTIVIDADES DOS GRUPOS DE INNOVACIÓN DOCENTE 2021

Coa finalidade de mellorar a Innovación Educativa e as súa difusión.

ESTA REITORÍA RESOLVE:

Ordenar a publicación desta convocatoria no portal convocatorias da web da Universidade de Vigo

As solicitudes presentaranse a través da sede electrónica da Universidade de Vigo con destino á Escola Aberta de Formación Permanente desde o día seguinte da publicación ata as 23:59 horas do día 21 de maio de 2021.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da súa publicación (ou desde o día seguinte de recibir esta notificación), de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, 08 de abril de 2021

O Reitor

Por Delegación RR 01/12/2018 (DOG 07/12/2018)

O Vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado

Don Manuel Ramos Cabrer



CONVOCATORIA DE AXUDAS ECONÓMICAS PARA A DIVULGACIÓN DAS ACTIVIDADES DOS GRUPOS DE INNOVACIÓN DOCENTE 2021.

BASES DA CONVOCATORIA

I. OBXECTO

Apoiar economicamente as actividades dos Grupos de Innovación Docente (GID). Os conceptos para solicitar a axuda serán os seguintes:

Concepto I: Xeración de materiais docentes para a docencia universitaria
Sufragarase a elaboración de manuais, unidades didácticas, libros, capítulos, artigos relacionados directamente coa docencia, traducións e software con finalidade docente.

Concepto II: Actividades de divulgación docente
Sufragarase a elaboración de xornadas, conferencias e cursos que poderán estar destinadas á comunidade universitaria ou á sociedade.

Concepto III: Participación en congresos
Sufragarase a matrícula e a indemnización por razóns de servizo.

II. REQUISITOS

As persoas coordinadoras dos GID, renovados pola COAP de data 09-03-2021, serán as que poderán solicitar as axudas.

No caso de elixir o Concepto III a persoa que coordina o GID seleccionará ao membro de grupo que participará no congreso. A persoa elixida ten que ter unha vinculación laboral coa Universidade de Vigo.

III. CARACTERÍSTICAS

Os Grupos de Innovación Docente so poderán solicitar a axuda por un dos tres seguintes conceptos:

Concepto I: Xeración de materiais docentes para a docencia universitaria
Sufragarase a elaboración de manuais, unidades didácticas, libros, capítulos, artigos relacionados directamente coa docencia, traducións e software con finalidade docente.

Concepto II: Actividades de divulgación docente
Sufragarase a elaboración de xornadas, conferencias e cursos que poderán estar destinadas á comunidade universitaria ou á sociedade.

Concepto III: Participación en congresos
Sufragarase a matrícula e a indemnización por razóns de servizo.



IV. DOTACIÓN ORZAMENTARIA E PAGAMENTO

Os fondos destinados a esta convocatoria son como máximo de 12.000 €.

A contía da convocatoria será dividida entre as solicitudes aprobadas e non superará en ningún caso os 500 € (con IVE incluído).

V. PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN COS PROVEEDORES/AS

Para os conceptos I e II os coordinadores/as dos **GID** presentarán os orzamentos en forma de facturas proforma á Área de Formación e Innovación Educativa que será a responsable de contratar os servizos/materiais cos provedores/as.

No concepto **III** cando se refira á participación en congresos e indemnización por razóns de servizo, a persoa pagará a contía da matrícula e despois solicitará a tramitación á Área de Formación e Innovación Educativa. Terá que achegar unha declaración xurada de que este concepto non foi imputado a ningunha outra dotación económica e, de ser o caso, facilitará os datos para dar de alta á entidade no sistema de contabilidade da Universidade de Vigo.

Cando no concepto **III** se refira á contratación de medios de locomoción o procedemento será similar aso conceptos I e II.

VI. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

O modelo ANEXO I deberá presentarse na sede electrónica da Universidade de Vigo, especificando no asunto a Escola Aberta de Formación Permanente (Axudas **GID**).

Axuntarase:

- As facturas pola elaboración de manuais, unidades didácticas, libros, capítulos, artigos relacionados directamente coa docencia, traducións e software con finalidade docente.
- A xustificación dos gastos das xornadas, conferencias e cursos.
- A matrícula de participación en congresos e as indemnizacións de servizos.

O prazo de presentación de solicitudes remata ás 23:59 horas do 21 de maio de 2021.

VII. SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

As solicitudes serán revisadas pola Escola Aberta de Formación Permanente. Estas terán que estar relacionadas coas temáticas de traballo de cada un dos **GID**.

A Escola Aberta de Formación Permanente rematado o prazo de presentación de solicitudes, e unha vez valoradas pola Comisión de Estudos Propios, publicará a listaxe provisional de solicitudes admitidas e excluídas, coa mención da causa de exclusión.



Efectuada a selección pola Comisión de Estudos Propios, a Escola Aberta de Formación Permanente publicará a listaxe provisional de solicitudes concedidas e denegadas coa mención da causa de denegación. As persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de dez días hábiles, contados a partir do día seguinte á publicación, presentando o formulario de alegacións, dirixido á Escola Aberta de Formación Permanente, na sede electrónica da Universidade de Vigo.

Revisadas as alegacións pola Comisión de Estudos Propios, a Escola Aberta de Formación Permanente publicará a proposta de resolución definitiva de axudas concedidas e denegadas. As alegacións deberán presentarse a través da sede electrónica da Universidade de Vigo no enderezo <https://sede.uvigo.gal/> mediante unha instancia xenérica SXER dirixida a Escola Aberta de Formación Permanente.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da súa publicación (ou desde o día seguinte de recibir esta notificación), de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación (ou desde o día seguinte de recibir esta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Todas as resolucións ás que se refire este punto publicaranse no portal de convocatorias da web da universidade.

VIII. OBRIGAS

As solicitudes de autorización de gastos elixibles produciranse entre o período de adxudicación aos beneficiarios/as e o 1 de outubro de 2021 e serán enviadas á Área de Formación e Innovación Educativa para a súa tramitación.

Os gastos executaranse entre o período de adxudicación aos beneficiarios/as da convocatoria e o 15 de outubro de 2021 (facturas, indemnización de servizos, etc.). No caso de inscrición en congresos a data do pagamento pode ser anterior á convocatoria, mais sempre no ano 2021. Os devanditos congresos teñen que celebrarse desde o período de adxudicación das axudas ata o 15 de outubro de 2021.

En caso de que a axuda sexa destinada ao Concepto III: Participación en congresos o persoal para o que se solicite a participación nos congresos ten que ter unha relación contractual coa Universidade de Vigo desde a publicación da convocatoria ata o 15 de novembro de 2021. Para os gastos de matrícula en congresos e indemnización por razóns de servizo, a persoa pagará a contía da matrícula e despois solicitará a tramitación á Área de Formación e Innovación Educativa. Terá que achegar unha declaración xurada de que este concepto non foi imputado a



ningunha outra dotación económica e de ser o caso facilitará os datos para dar de alta á entidade no sistema de contabilidade da Universidade de Vigo.

Requirirase que o/a coordinador/a do grupo de innovación docente envíe por escrito que os subministros/servizos foron realizados conforme ao establecido na factura antes de proceder ao seu pagamento.

A persoa que coordine o GID terá que enviar a cafp@uvigo.es a memoria do Anexo II antes do 15 de novembro de 2021. Nela indicarse en que se investiu a axuda da convocatoria. No caso dos conceptos I e III achegaranse as copias das comunicacións, manuais, unidades didácticas, etc., e no concepto II enviarase o programa, relatores/as, calendario e horario das actividades de divulgación desenvolvidas.

IX. PRAZO PARA RESOLVER

Tres meses.

X. SENTIDO DO SILENCIO

Desestimatorio.

XI. REVISIÓN

Se despois de analizar a memoria do Anexo II existise algunha desviación entre o concepto solicitado e o uso da axuda, a Escola Aberta de Formación Permanente poderá propoñer a non renovación do GID para o seguinte ano.

XII. CONSULTA DE INFORMACIÓN

Se precisa información sobre esta convocatoria pode solicitala en:

Escola Aberta de Formación Permanente.

Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado .

E-mail: cafp@uvigo.es

cafp.innovacion@uvigo.es

Teléfonos: 986130304

986130302



Anexo I

SOLICITUDE DA CONVOCATORIA DE AXUDAS ECONÓMICAS PARA A MELLORA DA DIVULGACIÓN DAS ACTIVIDADES DOS GRUPOS DE INNOVACIÓN DOCENTE 2021

NOME DO GRUPO GID

Persoa coordinadora do GID

APELIDOS

NOME

NIF

E-MAIL

TEL. FIXO

TEL. MÓBIL

AXUDA QUE SOLICITA

Concepto I: Xeración de materiais docentes para a docencia universitaria:
Sufragase a elaboración de manuais, unidades didácticas, libros, capítulos, artigos relacionados directamente coa docencia, traducións e software con finalidade docente.

Concepto II: Actividades de divulgación docente:
Sufragase a elaboración de xornadas, conferencias e cursos que poderán estar destinadas á comunidade universitaria ou á sociedade.

Concepto III: Participación en congresos:
Sufragase a matrícula e a indemnización por razóns de servizo.

RESUMO DA PROPOSTA EN QUE SE INVESTIRÁ A AXUDA

No caso do Concepto III, indicar o Congreso, xornada e datas para facer a solicitude de servizo.



Anexo II

MEMORIA DA CONCESIÓN DE AXUDAS ECONÓMICAS PARA A MELLORA DA DIVULGACIÓN DAS ACTIVIDADES DOS GRUPOS DE INNOVACIÓN DOCENTE 2021

Presentarase na sede electrónica antes do 15 de novembro de 2021

NOME DO GRUPO GID

Persoa coordinadora do GID

APELIDOS

NOME

NIF

E-MAIL

TEL. FIXO

TEL. MÓBIL

AXUDA QUE SOLICITOU

Concepto I: Xeración de materiais docentes para a docencia universitaria:

Sufragarase a elaboración de manuais, unidades didácticas, libros, capítulos, artigos relacionados directamente coa docencia, traducións e software con finalidade docente.

Concepto II: Actividades de divulgación docente:

Sufragarase a elaboración de xornadas, conferencias e cursos que poderán estar destinadas á comunidade universitaria ou á sociedade.

Concepto III: Participación en congresos:

Sufragarase a matrícula e a indemnización por razóns de servizo.

MATERIAS E/OU SERVIZOS QUE ACHEGA NOS QUE SE INVESTIU A AXUDA

No caso dos conceptos I e III achegarase as copias das comunicacións, manuais, unidades didácticas...e no concepto II enviarase o programa, relatores/as, calendario e horario das actividades de divulgación desenvolvidas.

